DEPUTACIÓN DA CORUÑA
Deputación Servizos Concellos Europa Cultura Turismo
BOP

Boletín Nº 252. MiÉrcoles, 31 de octubre de 2007



ANUNCIO Pág. 11771 Reg. 07/12116-x.

## Convenio colectivo de ISS Facility Services, SA (limpeza do Hospital Abente y Lago)

Visto o expediente do convenio colectivo de ISS FACILITY SERVICES, S.A (limpeza do Hospital Abente y Lago) (código convenio 1504531), que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 26.9.07, complementado o 15.10.07 e subscrito pola parte económica pola empresa e pola parte social polos delegados de persoal o día 1.8.07, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.- Ordena-la súa inscripción no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.- Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 16 de outubro de 2007

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo: María Debén Alfonso

**Convenio Colectivo do personal de limpeza de ISS Facility Services S.A. que presta servicios no Hospital Abente y Lago.**

Reunidos nos locais de la empresa ISS sitos no Hospital Juan Canalejo a las 12 horas do día 1 de agosto de 2007.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

**Pola parte empresarial:** Enrique Rodríguez Dávila

**Pola representación dos trabajadores**: Vanesa Serrano (CIG), Lorena Morlan (CIG), Mª Ángeles Rodríguez (CIG).

**Pola Confederación Intersindical Galega:** José María Figueroa y Lois Soto

**Artículo 1: Ámbito persoal, funcional e territorial:**

O presente convenio colectivo será de aplicación o personal de limpeza que presta os seus servizos no Hospital Abente y Lago de A Coruña para a empresa adxudicataria no mencionado servizo e que actualmente e a empresa ISS Facility Services S.A. afectando de igual maneira a toda-las empresas que no futuro poidan resultar adxudicatarias deste servizo.

**Artículo 2: Ámbito temporal e denuncia:**

Con independencia da súa publicación no B.O.P., este convenio iniciará a súa vixencia o dia 1 de Outubro de 2007, con carácter indefinido, poidendo ser denunciado aos efectos de negociación e revisión no último mes de cada ano natural, seguindo vixente en todolos seus contidos e sendo de plena aplicación ate que sexa sustituido por outro convenio negociado entre as partes.

**Artículo 3: Retribucions:**

As retribucions correspondentes a cada un dos anos de vixencia do presente convenio que deberán percibir os traballadores afectados polo mesmo, abonaranse cos mesmos conceptos e cuantías que as establecidas para o personal do Sergas nas categorías da escala de servizo do grupo de persoal subalterno (Grupo E), que se regulan no Estatuto do persoal non sanitario o servizo das institucions sanitarias da seguridade social, de tal forma que os incrementos retributivos que se produzan a partires da entrada en vigor do presente convenio serán aplicados igualmente os afectados polo mesmo.

A todas e todos as traballadoras e traballadores con categoría distinta a de limpiador ou limpiadora seralles de a desempeñar , do Grupo correspondente do Sergas.

**Artículo 4: Comisión Paritaria:**

A efectos de interpretación e vixilancia do cumplimento do acordado, se crea una comisión paritaria, compuesta polo 50% por cada unha das partes firmantes, 4 membros. Cada unha das partes podrá acudir asistida de asesor con dereito a voz pero sen voto. As decisions haberán de tomarse por maioría das respectivas partes, e dicir, por dous representantes da empresa e dous dos traballadores. As decisions que non sexan aprobadas

coas maiorías mencionadas carecerán de validez, e por conseguinte, as partes para solventar as discrepancias que poideran surxir, poderán acudir os organismos administrativos ou xudiciais correspondentes, así como as disposicions contidas no AGA para a solución extraxudicial de conflictos colectivos.

**Cláusulas adicionais:**

**Primera**: As condicions pactadas no presente convenio forman un todo orgánico e indivisivel e a efectos da sua aplicación práctica, haberán de ser considerados globalmente, evitando interpretacions parciais.

**Segunda**: Os efectos de regular as relacions laborais, serálles de aplicación o ESTATUTO MARCO DO PERSOAL ESTATUTARIO DE SAUDE Lei 55/2003 así como O acordo SERGAS – SINDICATOS (Acordos de Concertación Social sobre Retribucións e Condicións de traballo de Persoal Sanitario non facultativo e Persoal non sanitario do Servicio Galego de Saude) de 22 de Febreiro de 2001 no referinte a retribucions, xornadas, vacacions, libre disposición e permisos, e todos aquelos aspectos non derogados do "ESTATUTO DEL PERSONAL NO SANITARIO EN INSTITUCIONES SANITARIAS DE LA SEGURIDAD SOCIAL" ( orden de 5 de julio de 1071) o calquera outro que o sustitua ou mellore. Para aquelo non previsto no acordo o aun estando previsto fose máis favorable para os/as traballadores/as será de aplicación o Convenio Colectivo Provincial da Limpeza de Edificios e Locais de A Coruña así como o ET.

**Tercera**: ambas partes acordan rexistrar este acordo, como convenio colectivo de centro de traballo, a os efectos do seu rexistro publicación e demáis trámites oportunos na Delegación Provincial da Consellería de Traballo de A Coruña.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

**Cuarta**: A acta de acordo para a equiparación do persoal de limpeza do Hospital Abente y Lago de A Coruña co persoal adscrito o grupo E do Servizo Galego de Saude firmada na Coruña o pasado 1 de agosto e registrada na Consellería de Traballo de A Coruña o pasado 29 de agosto de 2007 considérase parte integrante do presente convenio colectivo e indivisible do meso.

**ACTA DE ACORDO PARA A EQUIPARACIÓN DO PERSOAL DE LIMPEZA DO HOSPITAL ABENTE Y LAGO DE A CORUÑA CO PERSOAL ADSCRITO AO GRUPO E DO SERVIZO GALEGO DE SAUDE (SERGAS).**

Reunidos nos locais da Empresa I.S.S., sitos no Hospital Juan Canalejo as 12 horas do día 1 de Agosto de 2007.

**Pola parte empresarial I.S.S.**

Enrique Rodríguez Davila

**Pola representación dos traballadores:**

Vanesa Serrano (CIG)

Lorena Morlan (CIG)

Mª Angeles Rodríguez (CIG)

**Por la CONPEDERACION INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**

José Mª Figueroa

Lois Soto

Ambas partes acordan:

1.-Rcoñecerse mutua capacidade e representación para pactar e negociar , segundo previsto no E.T.

2.- Tras varias deliberacions sabor dos asuntos a tratar, acordan que tolaslos traballadorasles actuais e todaslos que sexan contratadastos no futuro equiparanse a tódolos efectos , tanto economicos como sociáis, aslos trabaliadorasles do Grupo E pertenecentes ao SERGAS, séndolles de inmediata aplicación calquera mellora que estaslos tivesen ou percibisen en caiquera momento e cos mesmos efectos e datas.

3.- A efecto de regular as relacións laborais, seralles de aplicación o ESTATUTO MARCO DO PERSONAL ESTATUTARIO DOS SERVICIOS DE SAUDE Lei55/2003 así como o ACORDO SERGAS SINDICATOS (Acordos de Concertación Social sobre Retribucions e Condicións de traballo de Persoal Sanitario non Facultativo e Persoal non Sanitario do Servicio Galego de Saúde) de 22 de Febreiro de 2001 sabor de retribucions, xornadas, vacacions, libre disposición e permisos, e todos aqueles aspectos non derogados do “ESTATUTO DEL PERSONAL NO SANITARIO EN INSTITUCIONES SANITARIAS DE LA SEGURIDAD SOCIAL” (orden de 5 de Xullo de 1971)ou calquera outro que os substitúa ou mellare. Para aquelo non previsto neste acordo ou aínda estando previsto fose mais favorable para aslos traballadorasles será de aplicación o Convenio Colectivo Provincial da Limpieza de Edificios e Locais de A Coruña así como E.T.

A todas e todos as traballadoras e traballadores con categoría distinta a de limpador ou limpadora seralles de aplicación, a nivel retributivo , a categoría asimilada, palas funcions a desempeñar, do Grupo correspondente do SERGAS.

4.- Este acordo iniciará a sua vixencia o 1 de Outubro de 2007 e por tempo indefinido, mentres non sexa sustituido por outro negociado entre as partes.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

5- A efectos de interpretación e vixilancia do cumprimento do acordado, crease unha Comisión Mixta Paritaria, composta ao 50% por cada unha das partes asinantes.

6.-Ambas Partes acordan rexistrar este acordo, como pacto de centro de traballo, aos efectos do seu rexistro publicación e demais trámites oportunos na Delegación Provincial da Consellería de Traballo de A Coruña

Sen mais asuntos que tratar asinan en proba de conformidade:

Reg. 07/12116-x

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org